

FORMACIÓN

Blended Learning

O programa de formación gratuito da Rede Eusumo



Inscripción gratuíta
Dende o 22 de xuño

Formación en liña +
presencial

Posta en marcha dun
proxeito cooperativo

A Rede Eusumo, rede de colaboración cofinanciada polo Fondo Social Europeo e impulsada pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do cooperativismo e a economía social, lanza **catro módulos formativos gratuítos en formato blended learning (formación mixta: en liña e presencial)** relacionados co emprendemento e a consolidación de empresas cooperativas.

**BLENDED
LEARNING**

Que se pretende con este programa formativo?

O programa formativo *blended learning* está integrado por catro módulos que lles permitirán aos asistentes percorrer **catro escenarios clave no impulso e consolidación dun proxecto empresarial cooperativo**.

A quen vai dirixido?

A todas aquelas persoas interesadas en emprender baixo a fórmula cooperativa e a cooper-

ativas existentes que queren consolidar os seus proxectos empresariais.

Duración

Cada módulo terá unha duración estimada de **20 horas**, e combinará formación presencial (4 horas) con formación en liña titorizada (16 horas) de forma individualizada.

Inscripción

O programa formativo ten **carácter gratuito**.

Podes inscribirte de forma individualizada en cada un dos módulos ou de forma conxunta en todo o programa formativo. Prazas limitadas a 20 persoas por módulo.

Prazo de inscrición: ata o día anterior ao comezo de cada módulo. Se queres inscribirte de

forma conxunta en todo o programa formativo, o prazo remata o 21 de xuño.

Entregarase un **diploma de acreditación de participación**.

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico en:

T. 981 55 80 08
info@eusumo.coop

Máis información:
www.eusumo.coop



Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA

Módulo 1

Descubriendo a túa creatividade: xerando ideas de negocio cooperativo

Data de inicio: 22 de xuño.

Sesión presencial: 2 de xullo.

Obxectivo:

A idea empresarial, xunto co perfil do emprendedor constitúen os puntos de partida para a posta en marcha dun proxecto empresarial. A través deste módulo trátase de ilustrar e facilitar unha metodoloxía útil e práctica para xerar ideas de negocio innovadoras ou resolver creativamente os problemas existentes nunha cooperativa.

Programa:

1. **Introdución á creatividade**
2. **Obstáculos da creatividade**
3. **Como xerar a creatividade nunha contorna de traballo**
4. **Principais ferramentas de fomento da creatividade**

Módulo 3

O proceso da innovación na cooperativa. Da teoría á práctica

Data de inicio: 2 de xullo.

Sesión presencial: 16 de xullo.

Obxectivo:

A través deste módulo preténdese dotar os alumnos das competencias necesarias para impulsar proxectos de I+D e innovación. Trátase dun módulo no que se combinan coñecementos e ferramentas encamiñadas a mellorar a capacidade das cooperativas, facendo da innovación un recurso para impulsar os seus proxectos e afianzarse no mercado.

Programa:

1. **Por que innovar?. A innovación na sociedade da Información.**
2. **Características dos proxectos de innovación.**
3. **Análise e selección de ideas de proxecto.**
4. **A xestión da innovación para a cooperativa.**
5. **Ciclo de vida dun proxecto de I+D+i.**
6. **Deseño dun proxecto de I+D+i.**

Módulo 2

Desenvolvendo o teu proxecto cooperativo

Data de inicio: 25 de xuño.

Sesión presencial: 9 de xullo.

Obxectivo:

Este módulo recolle diversos capítulos que percorren dun xeito práctico as pautas, os recursos e os coñecementos para abordar con éxito un proxecto empresarial cooperativo.

Programa:

1. **Por que emprender? Por que unha cooperativa?.**
2. **Que é unha cooperativa? Características, particularidades e diferenzas fronte a outras fórmulas xurídicas.**
3. **Como validar a vosa idea de negocio.**
4. **Como analizar a viabilidade técnica, económica e financeira do voso proxecto cooperativo. O plan de empresa.**
5. **Legalidade e fiscalidade das cooperativas.**
6. **Pasos para pór en marcha un proxecto cooperativo.**
7. **Financiamento, recursos e liñas de axuda para a creación de empresas cooperativas**

Módulo 4

A internacionalización nas cooperativas: saíndo aos mercados exteriores

Data de inicio: 9 de xullo.

Sesión presencial: 23 de xullo.

Obxectivo:

Este módulo pretende introducir os alumnos nas características dos procesos de internacionalización e nas decisións fundamentais asociadas a eles. Por iso percorrerase distintos capítulos orientados a dar a coñecer, por exemplo, a importancia do plan de internacionalización como ferramenta necesaria para o inicio da actividade internacional dunha cooperativa; recoller os aspectos máis singulares de operativa internacional, tales como os referentes á loxística ou á definición do prezo de exportación; ou reflectir as principais diferenzas entre a mercadotecnia local e a internacional.

Programa:

1. **O proceso de internacionalización. Formas de exportación agrupadas.**
2. **As diferenzas culturais entre países**
3. **O marketing internacional. Medios de promoción conxuntos.**
4. **A xestión operativa internacional**